

**INFORME DE RESULTADOS DAS ACTIVIDADES
REALIZADAS NO MARCO DO CONVENIO E A SÚA
INCIDENCIA NA PROMOCIÓN DA LINGUA**



CONVENIO ASINADO ENTRE A SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS PARA A REALIZACIÓN DA X EDICIÓN DO PROXECTO DIDÁCTICO ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS.

A convocatoria da X edición do Proxecto Didáctico Antonio Fraguas Fraguas realizouse por medios dixitais o mes de febreiro de 2014 co patrocinio da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia. Os destinatarios foron os centros de ensino primario e secundario interesados en presentar propostas encamiñadas á realización dun programa de pescuda sobre o patrimonio etnográfico, antropolóxico, lingüístico, xeográfico, histórico e artístico do contorno inmediato entre os centros escolares de Galicia. Como se recollen nas bases toda a documentación, o traballo realizado e a exposición final ten que realizarse en lingua galega.



Establecéronse dúas modalidades: ensino primario e ensino secundario. En cada unha delas o xurado elixiría un proxecto didáctico, que se desenvolverían no curso académico 2016-2017. O ámbito temático tiña que abranguer un ou varios destes campos: etnografía, antropoloxía, xeografía, historia ou arte. Un capítulo ou alínea do traballo tiña que dedicarse a abordar algún aspecto lingüístico (toponimia, antroponimia, léxico, fraseoloxía...) relacionado co tema proposto.

Rematado o prazo de entrega o 31 de maio, o xurado integrado por D. Francisco Fariña Busto, representando ao Presidente da Fundación, D^a. María Xosé Fernández Cerviño, en representación do Director do Museo do Pobo Galego, D^a. Pura Galán Boutureira, en representación da Secretaría Xeral de Política Lingüística, D. Clodio González Pérez, en representación da Fundación Antonio Fraguas Fraguas, por D^a. Nuria Serrano Téllez, en representación da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, quen excusou a súa ausencia, e D. Francisco J. Sanjiao Otero, actuando como Secretario en xuntanza realizada o 20 de xuño, entre os proxectos presentados acordaron:

- 1) Conceder por unanimidade un premio ao proxecto Vedr@ medra, unha aposta polo patrimonio inmaterial como eixe de dinamización lingüística e cultural nun centro educativo do rural galego, do CPI Plurilingüe de Vedra, considerando que consegue implicar non só a comunidade educativa senón

tamén distintos axentes sociais e culturais co fin de darlle valor á riqueza lendaria e sobre todo toponímica das parroquias e contorna do Concello de Vedra. Así mesmo se lle recoñece o feito de estar inscrito no Programa Proxecta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e a posibilidade de incluír o alumnado dos tres ciclos educativos no mesmo.

- 2) Conceder por maioría un premio ao proxecto Figuras de antonte e de onte. Figuras para o mañá, do IES A PINGUELA de Monforte de Lemos, destacando a novidade de poñer o acento na recollida das manifestacións plásticas na arqueoloxía e na arquitectura tradicional, e polo feito da súa proxección con novas experiencias artísticas cara o futuro.

Os traballos preliminares comezaron no mes de setembro de 2016, co asesoramento do Museo do Pobo Galego, deseñando e organizando o labor que se ía realizar a partir do mes de xaneiro de 2017.

En xaneiro do 2017, e sempre coa coordinación do equipo do Museo do Pobo Galego dirixido polo membro do Padroado, D. Francisco Fariña Busto, a comunidade educativa dos distintos centros realizou o traballo de campo destinado a ter finalizado e presentado o contido do seu traballo no mes de maio do 2017.

As dúas comunidades escolares realizaron un traballo sistemático orientado á educación patrimonial, ao coñecemento da lingua e do medio e á valorización dos máis diversos elementos do noso acervo cultural. Cabe destacar que, como ven acontecendo nas distintas edicións, o desenvolvemento do mesmo permitiron reforzar e impulsar o coñecemento do galego entre o estudantado, en canto gran parte do traballo que realizaron dunha banda precisaba manter conversas con especialistas en distintos ámbitos e coa comunidade de referencia, en especial coas persoas de máis idade, o que fixo que foran valoren o seu papel como transmisores do noso patrimonio inmaterial. O diálogo cos maiores racha coa perda desta interacción e permite continuar coa transmisión dos relatos e coñecementos transmitidos con agarimo dunha xeración á seguinte. Doutra banda contribúe á galeguización dos nenos e nenas, un colectivo especialmente sensible en canto á transmisión futura destes coñecementos.



O proxecto Vedr@ medra, unha aposta polo patrimonio inmaterial como eixe de dinamización lingüística e cultural nun centro educativo do rural galego, do CPI Plurilingüe de Vedra, centrouse nas palabras do territorio, os nomes dos lugares constituíron a base do proxecto e involucraron ao alumnado e profesorado de infantil, primaria e secundaria, e a moitas outras persoas e colectivos de Vedra que dende distintos ámbitos axudaron a que levar adiante esta labor de difusión e investigación por parte do alumnado.

O estudo do vocabulario de distintas actividades e coñecementos tradicionais, toponimia, así como as imaxes, audiovisuais e distintos traballos plásticos realizados nas aulas e no obradoiro de patrimonio plasmaron o seu traballo e foron recollidos nas redes virtuais utilizadas ao longo do proxecto. Ao longo do mesmo, realizaron andainas, visitas ao patrimonio local, charlas de especialistas e transmisores do patrimonio inmaterial.




Cara os máis pequenos deseñaron tres mascotas inspiradas no escudo do Concello, Topo, Nimo e Nimia.



Destacamos tamén a continuidade do proxecto no centro cara o futuro con novas actuacións, e mesmo a concesión pola Xunta de Galicia dun Premio de Innovación Educativa en Dinamización Lingüística, ao proxecto titulado A palabra

é vida e vai ao lonxe.



O proxecto *Figuras de antonte e de onte. Figuras para o mañá*, do IES A Pinguela de Monforte de Lemos, centrouse nunha investigación dos encintados en cal que decoran as casas no concello de Sober. A aproximación do alumnado do centro a este patrimonio, a identificación dos deseños, do vocabulario empregado, das técnicas e conecementos aplicados, así como das historias achegadas pola veciñanza, favorecen non só o seu coñecemento senón que impulsan o interese pola conservación deste patrimonio, tanto entre a comunidade escolar como entre a sociedade de referencia.

A documentación e recollida en imaxes do patrimonio existente, e a implicación do alumnado que elaborou o traballo son determinantes á hora de cumprir un dos obxectivos do Proxecto Didáctico Antonio Fraguas, fan posible a testemuña ao tempo que visibilizan e afondan no noso patrimonio material e inmaterial, contribuíndo á súa transmisión ás xeracións máis novas.



Nos meses de xuño e xullo traballouse na musealización do material elaborado por alumnado e profesorado co fin de deseñar a exposición dos seus resultados nas instalacións do Museo do Pobo Galego. A semana do 30 de setembro, procedeuse á instalación física da exposición dos dous proxectos premiados no Claustro Alto do Museo do Pobo Galego.

Finalmente o 4 de novembro procedeuse ao acto de entregara dos Premios do X Proxecto Didáctico Antonio Fraguas Fraguas coa presenza do estudantado, profesorado e mesmo representantes das comunidades escolares dos centros premiados.

En primeiro lugar celebrouse un acto no auditorio do Museo no que interviñeron o presidente da Fundación Antonio Fraguas Fraguas, D. Justo Beramendi González, o secretario xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, D. Valentín García Gómez, o concelleiro de Educación e Cidadanía do Concello de Santiago de Compostela, D. Manuel Dios Diz, xunto cos representantes de cada un dos centros premiados, D^a. Xulia Marqués, polo CPI Plurilingüe de Vedra, e D. Enrique Sampil, polo IES A Pinguela de Monforte de Lemos. Neste acto entregóuselle a cada centro un cheque por 3.500,00 € correspondentes ao pago do premio.



A continuación procedeuse á inauguración e visita á exposición no Claustro Alto do convento de Bonaval. Ámbolos dous proxectos coas súas peculiaridades, desenvolvéronse ao longo de dous cursos académicos e mobilizaron ás respectivas comunidades escolares e aos seus entornos directos arredor do patrimonio cultural e do fomento da lingua galega.

